



## **AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

**Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición)<sup>1</sup>**

**Curso Académico: Curso 2018-2019**

---

<sup>1</sup> Abreviadamente, MSC.

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2018-2019
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2 - Información e transparencia
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
  - Finalizadas Curso 2018-2019
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2 - Información e transparencia
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<b><u>1. DATOS DO TÍTULO</u></b>	
Denominación do título	Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición)
Mencións/Especialidades	Xestión dos bens culturais Xestión do patrimonio artístico e literario
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Non
Centro responsable	Facultade de Humanidades
Centro/s onde se imparte	Facultade de Humanidades
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Semipresencial
Curso de implantación	2015/2016
Data acreditación ex ante (verificación)	30/04/2015
Data renovación acreditación	30/07/2019

### Nota inicial

Na elaboración do presente informe de seguimento tivéronse en conta, ademais dos indicadores enviados pola Área de Calidade e Mellora dos procedementos da USC, os seguintes documentos básicos, que se achegan no remate do texto e aos que se fará alusión de contino, indicando en todo caso a páxina á que nos referimos en cada caso:

- 1.- *Autoinforme para a renovación da acreditación do Máster en Servizos Culturais* (ano académico 2017-2018) (abreviadamente, ARA).
- 2.- *Alegaciones-plan de mejoras del Máster en Servicios Culturales* (recibido de la ACSUG el 1/07/2019) (abreviadamente, APM).
3. *Informe final de evaluación para la renovación de la acreditación final- Máster en Servicios Culturales* (recibido da ACSUG o 30/07/19) (abreviadamente, IF).

Tamén se fará alusión nalgunhas ocasións ao *Informe sobre o desenvolvemento da docencia non presencial do Máster en Servizos Culturais*, elaborado a instancias da Vicerreitoría de Profesorado da USC durante o estado de alarma e que se achega así mesmo na parte final do presente documento.

En APM e IF desenvólvese unha estratexia de mellora do MSC, validada pola ACSUG, que comezou a executarse na primeira metade do curso 2019-2020, mais quedou en suspenso coa declaración do estado de alarma pola pandemia da COVID-19, segundo se detallará en cada apartado do informe.

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.


#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En ARA (cadro p. 4) preséntanse os datos de demanda do título desde o curso 2015-16 ata o 2018-2019.

Desde que se puxo en marcha a terceira edición do título, co correspondente proceso de verificación e aprobación por parte da USC e a ACSUG, o número de alumnas/os matriculadas/os evolucionou do seguinte xeito:

	CURSO 2015/16	CURSO 2016/17	CURSO 2017/18	CURSO 2018/19	CURSO 2019/20
Alumnado tempo completo	23	22	19	20	19
Alumnado tempo parcial	1	2	4	2	5

A evolución do número de solicitudes da convocatoria xeral (22 prazas en total) pode verse no seguinte cadro:



A evolución do número de solicitudes da convocatoria anticipada (tres prazas en total) aparece no seguinte cadro:



De acordo co informe enviado pola Área de Calidade e Mellora dos procedementos da USC, a porcentaxe de estranxeiras/os no MSC está, desde o curso 2015-2016, arredor do 5% do total do alumnado, mais cómpre ter en conta o feito de que este dato se refire unicamente a aquelas persoas de nacionalidade non española,

mentres que o avance na demanda das prazas reservadas que se reflicte no cadro anterior ten que ver coas solicitudes de matrícula anticipada, moitas das cales son realizadas por persoas de nacionalidade española mais residentes no estranxeiro. Neste sentido, cabe destacar que o IN03M permite detectar un salto importante entre este curso 2018-2019 e os anteriores, pois 5 alumnas/os do total presentan estudos realizados no estranxeiro.

Tamén ten relevancia o IN13M, de acordo co cal se percibe que a porcentaxe de estudantes do título que son antigas/os alumnas/os da USC é neste curso inferior ao 50%, o cal é un dato que pode interpretarse como positivo.

Cabe sinalar que a tendencia en descenso que aparece en IN04M, IN05M e IN012M ten que ver co procedemento de matrícula en másters que emprega a USC, pois a demanda o título segue moi elevada, mais o período en que se poden desmatricular os alumnos/as en setembro provoca esta disfunción, ao podérense perder demandantes.

Como conclusión, cabe indicar que en IF (pp. 3-4) se afirma o seguinte e esta indicación segue tendo toda a súa validez, desde o noso punto de vista:

“ El perfil formativo del título mantiene su relevancia y está actualizado según los requisitos de su ámbito académico, científico y profesional.

I La demanda sostenida y creciente del título, que supera ampliamente a la oferta, con unos datos cada vez mejores. Se ha ampliado la procedencia territorial del estudiantado, se ha incorporado alumnado extranjero y se observa una amplia transversalidad en los perfiles de ingreso.

I La creación de un Comité Consultivo Externo, que integra a personas vinculadas con el ámbito de la gestión cultural. [...]

I La implicación del profesorado en el acompañamiento y la tutorización del estudiantado en los Trabajos de Fin de Máster y el compromiso del personal de apoyo a la docencia y servicios del campus.

I Los importantes vínculos del título con el tejido empresarial e institucional, que se concretan en acciones de colaboración específicas.

La orientación de la formación del máster I hacia los entornos reales de la Gestión Cultural (prácticas, conexión prácticas-TFM, talleres, participación de asesores externos, etc.) es otro de los aspectos mejor valorados.”

Defendemos que estas palabras, que aínda non teñen un ano de percorrido, seguen estando totalmente en vigor no momento actual.

Sobre a pertinencia do perfil diverso de entrada no título, pode tomarse como evidencia o I2.

## **1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Primeira cuestión:** mellora da oferta de módulos e materias para suplir a non impartición de varias delas.

En ARA (p. 6-7) sinaláanse os problemas derivados da ausencia de docentes para a materia optativa *Políticas de xénero e xestión cultural*, que se resolveu no curso 2018-2019 a través da contratación de dúas docentes externas con cargo ao Plan de Choque da Deputación Provincial de Lugo. A ausencia de profesorado nese

mesmo curso para a materia obrigatoria *Linguas para a comunicación: portugués*<sup>2</sup> e a imposibilidade de impartición da materia *Metodoloxía e recursos para a investigación humanística* dá lugar ao deseño da AM-21, que supón a substitución desta materia, así como da pouco demandada *Metodoloxía e recursos para a investigación filolóxica*. Esta AM-21 figura proposta en APM (p. 2, Aspecto 2) e é recollida do seguinte xeito en IF (p. 4):

“De acuerdo con la acción de mejora AM-21, se debe completar el cuadro de asignaturas optativas cubriendo el hueco dejado por la asignatura “Metodología y recursos para la investigación humanística” que lleva dos años desactivada y propiciando la impartición de la asignatura Lengua Portuguesa. Continuarán con la ejecución de la AM-21. **Este aspecto será de especial atención durante el seguimiento del título**”.

A acción foi xa executada: a proposta de modificación do plan de estudos foi autorizada pola Comisión Académica do MSC (20/01/2020), referendada pola Xunta de Facultade (29/01/2020) e tramitada perante a comisión de titulacións do Consello de Goberno da USC como modificación menor para ser posteriormente aprobada polo Consello de Goberno da USC (06/03/2020).

Canto á materia *Linguas para a comunicación: portugués*, esta foi impartida durante o curso 2019-2020 con financiamento externo, a cargo do Plan de Choque da Deputación de Lugo. A partir do curso académico 2022-2023 esta materia será asumida polo docente que se ocupará da materia *Linguas Internacionais para a xestión cultural*, implementada no Plan de estudos do Grao en Xestión Cultural. Este docente figura dentro da memoria económica e xustificativa de dito grao, como unha necesidade para a impartición da docencia no mesmo. A materia *Políticas de xénero e xestión cultural* foi asumida, no curso 2019-2020, por profesorado de plantilla da área de Filosofía. Prevese, daquela, que para o vindeiro curso 2020-2021 non haxa ningunha materia non impartida no plan de estudos da titulación.

### Segunda cuestión:

A indefinición acerca da interpretación da docencia semipresencial por parte da USC deu lugar a unha indicación desfavorable por parte da ACSUG en IF (p. 4), en que se recolle a seguinte indicación de mellora:

“Se debe permitir al alumnado conectarse sincrónicamente a las clases presenciales de forma virtual. En la actualidad, el profesorado imparte una clase a la semana, pero no existe la posibilidad de que el alumnado pueda conectarse de forma virtual a dicha docencia.”

En APM (p. 2) recóllese esta indicación como AM-24, e a súa execución, ao longo do curso 2019-2020, consistiu no seguinte (a respecto do cronograma de implantación da mellora, dispoñible no citado documento e na páxina mencionada):

1.- Prevíase realizar unha pilotaxe da medida, consistente en ofrecer varias materias en *streaming* tanto do primeiro como do segundo cuatrimestre. No primeiro cuatrimestre ofrecéronse sesións da materia *Linguas para a comunicación: portugués*. Estaba previsto que no segundo cuatrimestre se impartisen con este formato as materias *Espectáculos e xestión: música, teatro e cine*, *Políticas de xénero e xestión cultural* e *Metodoloxía e recursos para a investigación filolóxica*.

2.- A instauración do estado de alarma pola pandemia do COVID-19 obrigou a trasladar a práctica totalidade da docencia do segundo semestre a un contorno virtual, polo que a pilotaxe da medida foi aínda máis completa. De acordo cos datos que temos no noso poder (evidencia: *Informe elaborado para a Vicerreitoría de Profesorado sobre o desenvolvemento da docencia non presencial no MSC*, pp. 19-ss.) a práctica totalidade das materias foron obxecto de sesións a través da plataforma Microsoft Teams e outras.

3.- A comisión académica do MSC aprobou, na súa sesión de 05/12/2019 que todas as materias sexan impartidas a través de *streaming* no vindeiro curso. Esta decisión foi ratificada pola xunta de facultade da Facultade de Humanidades na súa sesión de 29 de xaneiro de 2020. Este acordo parte dun escrito remitido

<sup>2</sup> O alumnado escolle nesta materia entre portugués, francés e inglés. A ausencia de portugués implicou a deriva da súa potencial demanda cara ás outras dúas linguas.

polo decanato da Facultade de Humanidades ao Servizo de Asesoría Xurídica da USC solicitando asesoramento xurídico sobre esta práctica. O 6 de novembro de 2019 o Servizo de Asesoría Xurídica respondeu mediante un informe a dita consulta, avalando a práctica do *streaming* (achégase na parte final do documento).

**Terceira cuestión:** non procede.

**Cuarta cuestión:**

Aínda que en IF non se menciona encargo especial ningún, a reformulación da AM-12, comprometida a partir de APM (Aspecto 12, pp. 10-11) indirectamente supón un incentivo ao avance nunha cuestión, a mobilidade do alumnado, que xa se indicou como difícil de xestionar por causa da non homoxeneidade da duración dos títulos de máster no Estado español a respecto doutros lugares de Europa. Canto ao proceso de execución desta acción de mellora, realizáronse as medidas indicadas como 1 e 2 en APM (*ibidem*) e, no mes de xaneiro de 2020, conseguiuase asinar o convenio de mobilidade Erasmus que permitirá intercambiar alumnado co título homólogo de xestión de industrias culturais que reside na Universidade Católica do Porto. O inicio da pandemia fixo que non se puidese completar o desenvolvemento da acción de mellora; porén, esta mesma situación excepcional propiciou o inicio dun contacto posiblemente fructífero con títulos de máster de xestión cultural de diversas universidades brasileiras, a partir da participación da coordinadora nos dous seguintes encontros virtuais: *I Seminário Online Interdisciplinar sobre o setor cultural e criativo* (30 de maio de 2020, <http://artes.porto.ucp.pt/pt/central-eventos/i-seminario-online-interdisciplinar-sobre-setor-cultural-e-criativo>) e *Encontros internacionais de indústrias criativas. Pesquisas, reflexoes e ações durante a pandémia. Portugal, Espanha e Brasil*, 20 de xuño de 2020).

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Primeira cuestión**

Con respecto a esta cuestión, en ARA (pp. 7-8) sinalábase a súa relación coa execución de AM-14 y 18. En APM (Aspecto 3, p. 4: “Se deben activar mecanismos de coordinación entre las materias del plan de estudios, ya que, según los resultados de las encuestas de satisfacción del alumnado, es mejorable”), comprométese a elaboración dunha guía docente conxunta e dialogada co profesorado da titulación; a execución desta acción de mellora quedou en suspenso por causa da pandemia, aínda que o seu desenvolvemento se traslada ao vindeiro ano, aínda que o IN42M sinala que o grao de satisfacción do alumnado coa titulación está mellorando, pois as cifras deste curso académico son mellores. Este indicador referenda unha tendencia positiva, que se vai consolidando de ano en ano. O IN46M sinala unha satisfacción estabilizada arredor de 4 do alumnado coa docencia recibida, e o IN47M permite detectar un importante incremento da satisfacción do profesorado coa docencia impartida.

Canto a outra observación nesta liña contida en IF (*ibidem*), “Además de la homogeneización de las guías docentes, se recomienda recabar la opinión de estudiantes y egresados sobre posibles solapamientos y



trasladar la información a los profesores afectados, a fin de que puedan tomar las medidas necesarias en la planificación de sus respectivas materias”, cómpre indicar que o MSC conta, a través da súa aula de coordinación, cun buzón de suxestións e queixas que o alumnado activa para indicacións deste tipo.

**Segunda cuestión:** non procede.

**Terceira cuestión:** Sobre este tema reafirmámonos no contido en ARA (p.8), en que se explican os mecanismos de control e coordinación das prácticas. Cómpre indicar que a instancias do alumnado os convenios están nun constante incremento.

Sobre o número de alumnos e alumnas que realizan prácticas externas, este mantense elevado a pesar de (a) a posibilidade de que o MSC sexa cursado na modalidade investigadora en lugar de na profesional, (b) a posibilidade de que as prácticas externas sexan validadas, a instancias do alumno/a e sempre baixo o control da comisión académica do título, cando este/esta poida acreditar unha experiencia laboral no sector. Neste sentido pode ser significativo como evidencia o *Informe 06 da enquisa de satisfacción do alumnado coas prácticas externas*, no que se obtén un valor de 3,69 e no que se destaca a boa puntuación obtida nalgúns ítems. A puntuación é tamén boa no *Informe 07 de satisfacción dos titores externos co programa de prácticas*, aínda que este dato sexa menos importante dado o escaso número de formularios cubertos.

Como evidencia da conexión entre o MSC e os contornos profesionais pode indicarse tamén a recuperación, no curso 2018-2019, da celebración do evento *CulturaLab* (AM-3).

**Terceira cuestión**

Non procede.

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Primeira cuestión**

Como se indicou anteriormente, o ingreso no MSC é diverso canto ás titulacións de orixe, e isto, que é un valor do título, implica asumir o desafío dunha grande diversidade de formacións e experiencias previas nas persoas que acceden á titulación. En ARA (p. 5) xa se indicou que a execución da AM-5, a través da cal se igualaban as grandes áreas de Humanidades e Ciencias Sociais no acceso ao título, fixo que esta diversificación permitise agrandar o número e diversidade de perfís dos titulados e tituladas que solicitan ser admitidos no título. En IF ratifícase o éxito desta medida. Os informes achegados desde a Área de Calidade da USC ratifican a pertinencia desta visión da diversidade de entradas no MSC.

#### **1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

### Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Neste sentido parece estar en vigor todo o comentado en ARA (p. 9). Ademais do impacto das normativas comúns a outros títulos da USC, destaca a aplicación da posibilidade normativa de que o alumnado se matricule a tempo para aial. Na execución da AM-14, consistente nunha titoría personalizada e individual por parte da coordinadora e realizada con cada alumno/a presencial ou telematicamente, procúrase detectar aquelas persoas que pola súa actividade profesional sexan máis susceptibles de poderen ocupar unha das cinco prazas reservadas para esta posibilidade.

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

**Reflexión conxunta acerca das tres cuestións:** neste aspecto e para a súa análise remitímonos a ARA (pp. 10-ss.), en que se realiza unha pormenorizada análise da información publicada sobre o MSC. A raíz desta análise, en APM (pp. 5-ss.) deséñanse unha serie de melloras, cuxa execución é autorizada en IF e cuxo estado é como segue:

-Foi executada a AM-22 parcialmente no relativo á accesibilidade da información das materias que non se están impartindo (para o curso 2019-2020, a única que permaneceu desactivada foi *Metodoloxía e recursos para a investigación humanística*). A coordinadora xestionou a información sobre esta cuestión e esta foi introducida na web da USC.

-Tamén se eliminou da web da USC calquera referencia á non obrigatoriedade de asistencia ás aulas do MSC, aspecto este sinalado como relevante en IF (p. 5, con indicación de que este aspecto será de especial revisión no seu momento). [evidencia: <https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/artes-humanidades/master-universitario-servizos-culturais-semipresencial>].

-A AM-22 non foi executada na súa totalidade por causa da pandemia. En efecto, estaba previsto elaborar un plan de comunicación que lle permitise localizar esta adecuadamente a cada grupo de interese. A reflexión pormenorizada acerca de que información é pertinente no caso dos diversos colectivos non puido ser realizada ao longo deste curso académico, aínda que se prevé manter a súa execución, trasladándoa ao vindeiro curso académico 2020-2021.

En calquera caso, o *Informe de satisfacción do alumnado coa docencia recibida* permite detectar un bo nivel de satisfacción nalgúns ítems clave relacionados coa planificación de cada materia, que se sitúan sempre arredor do 4 sobre 5. Ademais, a continuación da implementación da AM-6.1 (elaboración dun *planning* de tarefas para as materias obrigatorias que lle permita ao alumnado, no mes de setembro, coñecer as datas de entrega das actividades de todo o cuadrimestre) foi positiva para o desenvolvemento da titulación.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregarlos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Acerca desta cuestión véxase ARA (pp. 12-ss). En APM (pp. 8-ss.) a reflexión sobre esta cuestión se traduce en una mejora en tres aspectos:

**Aspecto 8 dos recollidos en APM (*ibidem*):** “Tras el proceso de adaptación y simplificación del Sistema de Garantía de Calidad, el centro debe seguir trabajando en la implantación de los procedimientos de su SGC”. A esta cuestión respóndese nesa mesma páxina, aceptando a observación.

**Aspecto 9 dos recollidos en APM (*ibidem*):** “Se debe mejorar el conocimiento del SGC por parte del estudiantado del máster. Se deben incrementar las acciones de promoción del SGC con el objeto de informar al alumnado sobre cómo los procesos de mejora continua que surgen del SGC impactan en la mejora de las enseñanzas que están cursando. En esta línea, se recomienda hacer una mayor publicidad de las acciones puestas en mARAhA por los centros como consecuencia de las solicitudes del alumnado a través de las encuestas de satisfacción, del procedimiento de quejas o sugerencias o de las reuniones del PAT”. Este aspecto recóllese na execución das AM-6 (vídeo inicial do MSC, posto a disposición do alumnado en galego e castelán, no que se recolle esta indicación e que serve como evidencia) e AM-14 (titoría individualizada con cada un/unha dos alumnos/as).

**Aspecto 10 dos recollidos en APM (*ibidem*):** “Destaca negativamente el bajo porcentaje de participación en las encuestas de satisfacción [...] El centro es consciente de ello [...] pero no se han encontrado evidencias de la elaboración de una acción de mejora”. Neste sentido, no documento indicado aparecía o compromiso de desenvolver a AM-15, cuxa primeira tarefa xa se daba daquela (xullo 2019) como realizada (evidencia: Informe 3 anexo do documento APM). En IF (pp. 5-6) acéptase como acción de mellora vinculada a esta cuestión a devandita AM-15, en cuxa execución non se puido avanzar por causa da pandemia, aínda que segue comprometida para a súa realización ao longo do vindeiro curso.

Cabe sinalar que o problema persiste, como podemos ver a través do IN48M: a taxa de resposta do alumnado ás enquisas sobre docencia recibida segue arredor do 33,3% do total. Debemos, en primeiro lugar, indagar en se se trata dun problema a nivel de toda a USC ou só do MSC ou do centro. Se non é así, a resposta e posibles accións de mellora deben ser conxuntas, desde a área de calidade da institución, ou desde os responsables de calidade do centro.

#### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Neste sentido debe consultarse o indicado en ARA (p. 12).

### **3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Neste sentido debe consultarse o indicado en ARA (pp. 13-ss.). Destaca a importancia da creación do comité consultivo externo, sinalado como unha evidencia de calidade en IF (p. 3).

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Neste sentido ten plena validez o indicado en ARA (pp. 14-ss.). En APM (pp. 10-11) teñen relación con esta cuestión os Aspectos 11, 12 e 13, sobre os que cómpre comentar o seguinte:

**Aspecto 11:** o deseño dunha actividade formativa (AM-25) quedou interrompido pola pandemia, mais retomárase en canto sexa posible no presente curso académico.

**Aspecto 12:** A situación da súa realización comentouse *supra*, no apartado relativo á mobilidade do alumnado. Seguirase traballando na execución da AM-12, como se comenta alí, ao longo do vindeiro curso académico.

**Aspecto 13:** A USC ten entre o seu horizonte de mellora, na súa programación estratéxica [<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/calidade/descargas/Planificacion/planEstratexicoUSC.pdf>] a implantación do programa *Docentia* para a avaliación do seu profesorado. Cando esta implantación sexa efectiva poderase aplicar este aspecto de maneira efectiva.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Neste aspecto acadan todo o seu vigor as reflexións contidas en ARA (p. 15).

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en mARAha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Sobre este tema pode verse a reflexión realizada en ARA (pp. 17-ss.), totalmente en vigor na actualidade. Debe destacarse que as condicións para a docencia virtual que residen na Facultade de Humanidades e que foron implementadas progresivamente no título desde o curso 2014-2015 permitiron afrontar nunha situación especial as circunstancias derivadas da crise do COVID-19, segundo se pon de manifesto no *Informe sobre o COVID-19 do Máster en Servizos Culturais*.

Canto aos compromisos adquiridos neste sentido, están vinculados a esta cuestión os Aspectos 14 e 15 do APM (“Se deben revisar los materiales docentes puestos a disposición del estudiantado en el aula virtual, realizando, de ser necesaria, una actualización de los mismos adaptándolos a las necesidades de aprendizaje del alumnado” e “Se recomienda agilizar el uso de foros de dudas a través del campus virtual, no relegando la resolución de las a la relación bilateral profesorado-alumnado o coordinadora-alumnado a

través del correo electrónico”, pp. 12-13). Ambos inclúense na execución da AM-9 mais cómpre sinalar que a ausencia dunha normativa para a semipresencialidade que permita a supervisión das aulas virtuais do profesorado por parte dalgunha figura externa, coordinador ou responsable académico do departamento, impide a execución plena destes aspectos de obrigado cumprimento que se indican no IF (p. 6).



### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### **CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Unha reflexión en profundidade, e que ten toda a súa validez dada a proximidade temporal entre esta análise e o momento actual, atópase en ARA (pp. 19-ss.). Neste mesmo documento (p. 20) recóllense as diversas accións de mellora implementadas polo MSC para acadar a valoración positiva neste apartado. En relación con esta cuestión, en APM (pp. 13-14) recóllese o seguinte:

**Aspecto 16:** “Otro aspecto que debe tenerse en cuenta es la valoración de los egresados con el título y la adquisición de competencias del máster para su ingreso en el mercado laboral. La única encuesta válida de satisfacción de los egresados [...] pone de manifiesto cierta insatisfacción con la formación recibida en el máster por parte de este colectivo [...]. Teniendo en cuenta estos resultados, se debe hacer un seguimiento de esta insatisfacción para averiguar las causas de la misma y formular propuestas de mejora, caso de ser necesario”.

En relación con esta cuestión deseñouse neste documento a AM-26, que non se executou a finais do pasado curso por cuestións loxísticas, e cuxa execución se traslada á finalización do presente curso.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### **CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Continúa vixente a reflexión proposta en ARA (pp. 21-ss.). A respecto das cuestións relacionadas con este criterio, en APM (pp. 14-ss.) téñense en conta os seguintes aspectos:

**Aspecto 17:** “La satisfacción de los egresados con los resultados del título es mejorable. Se debe hacer un seguimiento para averiguar las causas de esta insatisfacción y diseñar propuestas de mejora”. Este aspecto de obrigado cumprimento vincúlase en APM (p. 14) ao **Aspecto 16** (cfr. *supra*) e, por tanto, á execución da AM-26. En IF (p. 7) acéptase esta vinculación.

Canto á análise dos indicadores do título, completaremos neste apartado a reflexión proposta en ARA (*ibidem*) mediante o exame dos resultados do curso 2018-2019. Como elemento inicial destaca que en APM (p. 15) se sinala o seguinte: ““Se debe hacer un seguimiento de la tasa de rendimiento, la tasa de evaluación, la tasa de graduación (56%) y la de duración de los estudios (1.71)”. Nese documento esta cuestión vincúlase á execución das AM-14, 19 e 20. A primeira delas é de periodicidade anual, na segunda non se puido avanzar por causa da pandemia e a terceira debe reavaliarse, dadas as circunstancias actuais e o feito de que a partir do curso que vén se xeneralizará a presentación en *streaming* das aulas presenciais das materias.

Erroneamente, en IF (p. 7) afirmase que esta cuestión se vincula en APM coa AM-27.

Procedemos deseguido a analizar os principais resultados do título, establecendo un diálogo co exame destes mesmos indicadores en ARA (pp. 21-22):

**Taxa de rendemento** (comparando datos de ARA con Informe 18 e IN34M): aumenta naquelas materias en que parecía máis problemático (TFM e Prácticas externas), o que permite prever un desenvolvemento mellor do que en anos anteriores. Globalmente, o IN 34M presenta tamén unha mellora a este respecto, polo que se reduce a desviación a respecto doutros másters de Artes e Humanidades.

**Taxa de éxito** (comparando datos de ARA con Informe 17, IN35M e IN50M): os datos son moi positivos, como cabería esperar e na liña das análises anteriores.

**Taxa de avaliación** (comparando datos de ARA con Informe 19 e IN36M): a súa evolución é positiva e aumenta en porcentaxe, polo que a condición de non presentados en materias diminúe.

**Taxa de eficiencia** (comparando datos de ARA con IN53M): tamén neste caso as porcentaxes, aínda en lixeira diminución, son moi positivas.

**Taxa de graduación** (comparando datos de ARA con IN37M): a súa evolución volve ser negativa este ano,

logo dunha leve recuperación o ano anterior. Con todo, a execución da AM-20 permitirá valorar adecuadamente a cifra, non tanto con respecto ao resto das titulacións de Artes e Humanidades, senón a respecto das titulacións ofrecidas en modalidade semipresencial. Non se consegue, por tanto, inverter a tendencia a que este indicador estea en descenso, mais o que si se observa é unha estabilización nas cifras. En ARA (pp. 19-20) aparecen listadas todas as accións de mellora que se veñen deseñando e executando para mellorar esta taxa.

**Duración media dos estudos** (comparando ARA con IN38M): este indicador achega unha evolución moi próxima ao anterior, e non se consegue inverter a tendencia a que este dato sexa moi superior á media de Artes e Humanidades. De novo a execución da AM-20 pode dotar dun horizonte diferente á comparación.

**Taxa de abandono** (comparando ARA con IN41M): tampouco este indicador ofrece datos positivos, pois a súa porcentaxe segue subindo. A obtención de datos a este respecto vincúlase tamén á execución da AM-20.

### **7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Séguese neste aspecto a reflexión proposta en ARA (pp. 23-ss.). Non se achega consideración ningunha a respecto desta cuestión en APM nin IF.

### **7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Referéndase neste aspecto a análise feita en ARA (pp. 25-ss.). En APM (p. 16) indícase que “se debe recabar datos sobre la empleabilidad de los egresados”. Esta indicación vincúlase nese texto coa execución da AM-27; porén, esta parte dunha acción formativa sobre empregabilidade que estaba previsto fose impartida por unha técnica de emprego do campus de Lugo en abril de 2020 foi suspendida por causa da pandemia, e reprogramarase en canto sexa posible (previsiblemente no segundo semestre do curso 2020-2021).

<b><u>3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS</u></b>	
<b>MODIFICACIÓN</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	PDF
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4315430_P.Ind_2018-2019
			4315430_INF.16_2018-2019
			4315430_INF.CiUG_2018-2019
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4315430_I2_2018-2019

1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4315430_P.Ind_2018-2019
			5053_INF.03_2018-2019
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>
			<a href="#">Web do Título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4315430_P.Ind_2018-2019
			4315430_INF.04_2018-2019
			5053_INF.05_2018-2019
			4315430_INF.06_2018-2019
			4315430_INF.07_2018-2019
			4315430_INF.08_2018-2019
			4315430_INF.09_2018-2019

			5053_INF.10_2018-2019
			5053_INF.11_2018-2019
			4315430_INF.13_2018-2019
			4315430_INF.14_2018-2019
			5053_INF.21_2018-2019
			4315430_INF.22_2018-2019
			4315430_INF.23_2018-2019
			4315430_Informe_de_indicadores_2018-2019
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4315430_P.Ind_2018-2019
			4315430_Informe_de_indicadores_2018-2019
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4315430_E15_2018-2019
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5053_E16_2018-2019
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5053_I6-I7_2018-2019
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5053_I6-I7_2018-2019
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	4315430_INF.13_2018-2019
			4315430_INF.14_2018-2019
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en	5053_I10_2018-2019

		programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	<a href="#">Web do Centro</a>
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4315430_INF.15_2018-2019
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4315430_P.Ind_2018-2019
			4315430_INF.17_2018-2019
			4315430_INF.18_2018-2019
			4315430_INF.19_2018-2019
			4315430_INF_SIIU_2018-2019
			4315430_Informe_de_indicadores_2018-2019
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4315430_P.Ind_2018-2019



			4315430_INF.CiUG_2018-2019
			4315430_Informe_de_indicadores_2018-2019
7	I14	Resultados de inserción laboral	4315430_EIL-SIU_2018-2019 4315430_EIL-ACSUG_2018-2019
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	4315430_P.Ind_2018-2019 4315430_Informe_de_indicadores_2018-2019 4315430_MedUSC_2018-2019